



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Reunión da Comisión Permanente de Saúde Laboral

Na reunión de hoxe a Administración informounos sobre estes temas:

### A) Accidentes de traballo:

Facilitouse nos un pequeno avance de datos, pois aínda non teñen a Memoria Anual A día de hoxe teñen catalogados 215 accidentes dos cales 35 son en SVA, e 30 de eles precisaron baixa médica. Existe unha diminución sustancial dos accidentes no posto de traballo, non así nos denominados "accidentes in itinere", que aumentan respecto ao período anterior.

### B) Reunións dos Comités de Seguridade e Saúde:

En canto ás reunións dos Comités a nivel de Galicia constatamos que, en canto a cuestión de prazos, funcionaron bastante aceptablemente, tendo reunións puntuais máis ou menos en cada trimestre.

### C) Comunicacions de riscos laborais:

Constatouse un aumento importante destas comunicacións (no ano 2009 presentáronse 21 incidencias e no 2010, 30.) Este aumento, segundo á AEAT, débese a que o persoal ten unha maior información sobre estes procedementos, xa que pode acceder á todos eles pola Intranet.

### D) Cursos impartidos polo Servizo de Prevención:

Destacamos aquí o curso que se impartiu na Coruña para o SVA no que participaron 4 tripulacións completas.

### E) Cursos de formación para o 2011:

Como novidade para o ano 2011 impartiranse cursos ao persoal responsable das distintas Delegacións e Administracións en materia preventiva, ademais dos xa existentes para os delegados de prevención, EPIS, etc,

### F) Actuacións do Servizo de Prevención:

Informáronnos que xa está rematada a avaliación de riscos do novo edificio da Delegación de Pontevedra. Neste sentido, o propio servizo de prevención detectou, pois así o recoñeceron, un exceso de iluminación. Desde Madrid déronse as ordes oportunas para que no prazo máis ou menos dun mes esté solucionado (¿?)

Asimesmo en Vigo fixeron unha visita ao buque de operacións especiais "Fulmar" Recoñece a Administración que o aspecto exterior do barco pódese mellorar moito, pero é o que hai. Desde a CIG expuxemos a nosa preocupación pola nova plataforma de renda que temos na Delegación da Coruña, ubicada no sótano da Delegación, xa que debe avaliarse con anterioridade ao inicio da campaña De acordo coa resposta que recibimos de unos a impresión que non debe haber moito interese en que se faga así, pois por "operatividade" non o consideran oportuno (terían que vir dúas veces: unha antes de comezar e outra coa campaña en marcha). Parece mentira que a AEAT se tome tan en "serio" a lexislación en materia de prevención, polo que advertimos que, de non facer a avaliación con anterioridade, terán as correspondentes denuncias no Comité de saúde laboral.

Por último, como novidade importante, parece ser que no prazo dun mes haberá reunión da Mesa de Saúde Laboral para Vixilancia Aduaneira 'iiPOR FIN!! ¿¿SERÁ VERDADE??, xa o veremos....)

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

**TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22-cigaeat@gmail.com**